

Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15001033 | CFEA GUIAMO | BERGONDO | 2022-23 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------------|----------|--------|
| | AGRARIA | CSAGA02 | PAIXASISMO E MEDIO RURAL | SUPERIOR | LIBRE |

Módulo profesional

| Código MP | Nome | Horas |
|-----------|-------------------------------|-------|
| MP0700 | FORMACION ORIENTACION LABORAL | 107 |

Profesorado responsable

| |
|--------------------------|
| Vicente Manso Fuentefría |
|--------------------------|

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

| | | |
|-------|--|---|
| 1. | Identificación da programación..... | 1 |
| | Centro educativo..... | 1 |
| | Ciclo formativo..... | 1 |
| | Módulo profesional..... | 1 |
| | Profesorado responsable..... | 1 |
| 2. | Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación..... | 3 |
| 2.1 | Primeira parte da proba..... | 3 |
| 2.1.a | Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan..... | 3 |
| 2.1.b | Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado..... | 3 |
| 2.2 | Segunda parte da proba..... | 3 |
| 2.2.a | Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan..... | 3 |
| 2.2.b | Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado..... | 3 |
| 3. | Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación..... | 3 |
| 4. | Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento..... | 3 |
| 4.1 | Primeira parte da proba..... | 3 |
| 4.2 | Segunda parte da proba..... | 4 |

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|--|
| <p>RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.</p> <p>RA2. Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da agricultura e da xardinaría.</p> <p>RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.</p> <p>RA4. Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en paisaxismo e medio rural.</p> |
| <p>RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.</p> <p>RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.</p> <p>RA3. Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.</p> <p>RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.</p> |

2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|--|
| <p>CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.</p> <p>– CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.</p> <p>– CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.</p> <p>– CA1.4. Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.</p> <p>– CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.</p> <p>– CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da agricultura e da xardinaría.</p> <p>– CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.</p> |
| <p>CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en paisaxismo e medio rural.</p> <p>– CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.</p> <p>– CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en paisaxismo e medio rural.</p> <p>– CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en paisaxismo e medio rural.</p> <p>– CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.</p> |
| <p>– CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.</p> <p>– CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.</p> <p>– CA3.3. Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.</p> <p>– CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.</p> <p>– CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.</p> <p>– CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa,</p> |

e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

- CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

CA4.1. Defíníronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

- CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
- CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

- CA1.1. Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en paisaxismo e medio rural, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

- CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- CA2.3. Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que

o integran.

- CA2.9. Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- CA2.10. Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- CA2.12. Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

CA3.1. Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

- CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
- CA3.3. Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

- CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
- CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
- CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

- CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|--|
| |
| |

2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|--------------------------------------|
| |
| |
| |

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Respostar correctamente cando menos ó 50% das preguntas dos criterios de avaliación

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Proba aptitude de carácter escrita para medir os coñecementos técnicos sobre:

- Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas traballadoras
- Avallía as situacións de risco da súa actividade profesional
- Participa na elaboración dun plan de prevención e identifica a tódolos axentes implicados
- Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación

de técnico superior en paisaxismo e medio rural.

A proba teórica consistirá en 100 preguntas tipo test. Cada 4 respostas incorrectas descontará 1 correcta. Haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 para superar esta parte teórica.

- Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
- Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
- Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
- Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

4.2 Segunda parte da proba

Consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico relacionado cos temas que se relacionan de seguido. Haberá que acadar unha puntuación de 5 para superar esta parte práctica:

INTERPRETAR E ELABORAR UNHA NOMINA
ELABORAR UN CURRÍCULUM EUROPASS
REDACTAR UNHA CARTA DE AUTOCANDIDATURA
DESEÑAR UN PEQUEÑO PLAN DE PREVENCIÓN
COÑECEMENTO DO CONVENIO PROFESIONAL
IDENTIFICAR OS COMPOÑENTES DUN EPIs
DEMOSTRAR QUE SE COÑECE ACTUACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS